

BELÉN FELIÚ (1961-1997)

"Non habería perigo. Polo menos ao principio quixen pensar que toda aquela extensión acougaba o espírito. A idea de previsión invadiume nun segundo e o meu lombo distendeuse. O alleo sentidiño todo.

Mirei por entre as pestanas ao lonxe e percibín o brillo escintilante dos prados mollados. Mirei aos meus pés e vin às herbas concretas vencidas polo peso da auga, ou tamén, de todo machucadas polos meus ronseis de pisadas.

Con ollos ben abertos percorrín os prados. Souben así que o que tiña diante era un mar derrotado."

BELÉN FELIÚ, "E veu o tabeirón" en *Festa da palabra silenciada*, nº 10.

.....

"...ELA quedaría para sempre neste lugar que nunca lle resultaría familiar porque a partir de agora o único que correría sería este vento, e ELA quedaría condenada a vivir infinitas veces neste mesmo instante de estranxeiría. Demoraría na alteridade, no medo constante ao crebar dunha destas pólas pantasmais que se moven de abaixo a arriba coma inmensos pai-pais. A forza coa que, sen embargo, habían de estar agarradas ao tronco. A forza de ser elas tamén tronco, tronco transversal, mais tronco. Troncos ás travesas no mundo. Un pouco como toda a vida dela sempre enxertada na verticalidade dos outros. E hoxe, por primeira vez, ELA sentía que tiña os pés no chan."

BELÉN FELIÚ, *Da Guenizah*, 1998.

.....

Belén Feliú (A Coruña, 1961 - Santiago de Compostela, 1997). Estudiu Filosofía na Universidade Autónoma de Madrid e Letras Francesas na Universidade de Toulouse e impartiu aulas nos Institutos "Otero Pedrayo" de Ourense e "Fontexería" de Muros. Foi membro da AULA CASTELAO. Publicou diversos relatos nas revistas *Festa da palabra silenciada*, *Dorna*, *La Ortiga* e *Revista de Occidente*. *Da Guenizah* é o seu primeiro libro publicado, en edición póstuma, por Espiral Maior en 1998.

A AULA CASTELAO DE FILOSOFÍA convidavos a todos e a todas á presentación do libro

DA GUENIZAH da nosa compañeira BELÉN FELIÚ

Intervirán no acto Xosé Manuel Trigo, María Xosé Queizán, Chus Pato e Miguel Anxo Fernán - Vello.

Coordina F. Martínez Bouzas

Martes, 6 de Abril ás 7 da tarde